

IV CIRCUÍTO GALEGO DE AUGAS ABERTAS

TRAVESÍAS A NADO 2007

Tempada 2006 - 2007 - Circular 06-27

1.- Condicións e participación

1.1.- O IV Circuito Galego de Augas Abertas rexérase pola Normativa FINA de Augas Abertas, pola Normativa de Competición de Augas Abertas da Federación Española de Natación e polo presente regulamento particular.

1.2.- O Circuito deberá contar cun mínimo de 6 travesías inscritas no calendario.

1.3.- Poderán participar todos os deportistas con licenza federativa en vigor na presente tempada en calquera das disciplinas que integran a Federación Galega de Natación (FEGAN).

2.- Organización

2.1.- As travesías terán como entidade ou entidades organizadoras o club, agrupación ou institución que sexan responsables da preparación, organización e formulación do regulamento de cada proba.

2.2.- As entidades organizadoras serán as encargadas de xestionar os permisos necesarios diante das autoridades competentes para o seu correcto desenvolvemento (concellos, autoridade portuaria, confederación hidrográfica, capitanía marítima, etc.). Estes permisos son imprescindibles para poder levar a cabo a travesía.

2.3.- Asemade, serán as encargadas de velar pola seguridade dos nadadores participantes contando cos medios e/ou apoios axeitados a tal fin.

3.- Inscripción de travesías - calendario

3.1.- Para se inscribir, as entidades organizadoras das travesías interesadas na súa inclusión deberán comunicalo por escrito á FEGAN antes do 30 de xuño.

3.1.a.- Acompañando a esta solicitude deberán remitir o seu regulamento, no que debe figurar expresamente: a data e hora de realización, as categorías, as distancias a percorrer, os premios, o enderezo e teléfono de contacto e outra información relevante da travesía.

3.1.b.- Asemade acompañarán un compromiso formal de cumprimento da Normativa vixente de Augas Abertas.

3.2.- O lugar de celebración da travesía deberá ser en "augas abertas", entendendo como tales os seguintes emprazamentos: praias, portos, ríos, lagos ou calquera outro que non teña a consideración de recinto pechado.

3.3.- A data de celebración da proba non poderá ser posterior ao 1 de outubro.

3.4.- A FEGAN elaborará un calendario oficial de travesías (as inscritas no Circuito) segundo as solicitudes recibidas e evitando a coincidencia temporal de dúas ou máis travesías, para así favorecer a participación de todos os interesados

3.5.- En caso de coincidencia de dúas travesías terán prioridade as incluídas a tempada pasada no II Circuito así como as organizadas por un club adscrito á FEGAN ou aquelas coas que a FEGAN colaborara en pasadas edicións.

3.6.- Este Calendario será publicitado nas canles habituais empregadas pola FEGAN así como por outros medios habituais específicos que se consideren relevantes.

4.- Puntuación

4.1.- Para poder puntuar no Circuito (tanto en categoría masculina como feminina), cada nadador deberá participar nun mínimo de tres travesías

4.2.- A clasificación será ABSOLUTA, habendo dúas categorías: unha masculina e outra feminina.

4.3.- En cada travesía puntuarán os dez primeiros clasificados, variando a puntuación do seguinte xeito en función da distancia da travesía:

De 1.500 a 2.499 metros: 13-10-8-7-6-5-4-3-2-1

De 2.500 a 4.999 metros: 26-20-16-14-12-10-8-6-4-2

Máis de 5.000 metros: 39-30-24-21-18-15-12-9-6-3

5.- Clasificación

5.1.- En cada categoría, proclamarase campión/a do III Circuito Galego de Augas Abertas a aquel nadador que, tendo participado nun mínimo de tres travesías, obteña o maior número de puntos.

5.2.- En caso de empate final a puntos, primarán (por orde) as seguintes circunstancias:

Quen participase nun maior número de travesías

Quen participase en máis travesías de máis de 5.000 metros

Quen participase en máis travesía de 2.500 a 4.999 metros

Quen obtivese máis primeiros postos, segundos, terceiros e así sucesivamente ata resolver o empate.

6.- Premios

6.1.- A FEGAN fará entrega dun trofeo ao primeiro clasificado en cada categoría, polo que haberá un campión (categoría masculina) e unha campiona do Circuito (categoría feminina).

6.2.- Este premio é independente (e complementario) dos que as respectivas organizacións das travesías establezan no seus regulamentos.

7.- Xurado

7.1.- O xurado da proba estará nomeado polo Comité Galego de Árbitros da FEGAN.

7.2.- A súa composición corresponderá co regulamentariamente establecido pola FEGAN ou, no seu defecto, pola vogalía de Augas abertas da Federación Española de Natación.

7.3.- É competencia do xurado a resolución de calquera cuestión ou recurso que apareza no desenvolvemento da proba.

7.4.- Todos os gastos do xurado serán sufragados pola entidade organizadora.

7.5.- O/A xuíz árbitro da competición cubrirá unha ficha técnica da travesía segundo modelo oficial que lle proporcionará o Comité Galego de Árbitros. O orixinal desta deberá ser enviado á FEGAN.

8.- Resultados

8.1.- A entidade organizadora deberá enviar á FEGAN nun prazo máximo de 7 días os resultados oficiais completos da travesía onde figurarán todos os datos esenciais da proba e dos participantes.

8.2.- Estes resultados deberán contar co visto bo do xuíz árbitro da proba, que aparecerá reflectido na Ficha Técnica da Travesía (ANEXO).

A Coruña, 21 de Xullo de 2006

FICHA TÉCNICA DE TRAVESÍA



1. PROBA:

2. DATA:

3. CONCELLO:

4. LUGAR:

5. TIPO DE AUGAS:

6. DISTANCIA PERCORRIDA (en metros):

7. ENTIDADE OU CLUB ORGANIZADOR:

8. COMPOSICIÓN DO XURADO PRINCIPAL:

Nº LICENZA

XUÍZ ÁRBITRO:

XUÍZ SAÍDAS:

OUTROS POSTOS DO XURADO:

9. INCIDENCIAS DA COMPETICIÓN:

CERTIFICO A VERACIDADE DOS DATOS QUE FIGURAN NESTES RESULTADOS:

_____, _____ de _____ de 200__

Fdo.: XUÍZ ÁRBITRO

RESUME DOS RESULTADOS DA COMPETICIÓN

(Para os efectos de puntuación no Circuito Galego de Augas Abertas)

CATEGORÍA ABSOLUTA

MASCULINO

	Nadador	Club
1º		
2º		
3º		
4º		
5º		
6º		
7º		
8º		
9º		
10º		

FEMININO

	Nadador	Club
1º		
2º		
3º		
4º		
5º		
6º		
7º		
8º		
9º		
10º		